

A I GUERRA MUNDIAL. A ORGANIZACIÓN DA PAZ



30 febreiro 1918 - Após a caída de
dois alemáns - Bochea poñendo un
Francés Olivo -

LA ÉPOCA DE LA PAZ ARMADA: LAS GRANDES ALIANZAS (1870-1914)

TRIPLE ENTENTE:

GRAN BRETAÑA
FRANCIA
RUSIA
(1907)

CRISIS POLÍTICAS PREVIAS A LA GUERRA

- **1905-1906** Marruecos
- **1908-1909** Bosnia-Herzegovina
- **1912-1913** I y II guerras balcánicas
- **1914** Asesinato de Sarajevo (causa directa de la Primera Guerra Mundial)

TRIPLE ALIANZA:


ALEMANIA
AUSTRIA-HUNGRÍA
ITALIA
(1882)

O CAMIÑO CARA Á GUERRA

1. SISTEMAS DE ALIANZAS E PAZ ARMADA

- 1870: Guerra Franco-prusiana ⇒ Problema de Alsacia-Lorena.
 - Alianzas de Bismarck contra Francia:
 - Triple Alianza: Alemaña, Austria-Hungría, Italia.
 - Tratado de Reaseguro con Rusia (1887).
 - 1890: Cambio na política alemana ⇒ Agresividade na política internacional
 - Formación de bloques:
 - Afirmación da alianza de Alemaña con Austria-Hungría
 - Alianza franco-rusa (1892)
 - Entente franco-británica (1904)
 - Entente ruso-británica (1906)
- TRIPLE ENTENTE (1907)

Alianzas de preguerra



Disgregación do Imperio Turco





2. TENSIONES NACIONALISTAS

a) Estados-Nación

- Identificación dos cidadáns co destino das súas patrias
- Francia → Ideoloxía conservadora que recorda a humillación (Alsacia e Lorena).
- Gran Bretaña → Chamadas ao orgullo nacional desde a prensa
→ Sentimento patriótico reforzado polo problema de Irlanda.
- Alemaña → *Panxermanismo* (unión de todos os europeos de orixe xermánica)
→ Militarismo e alerta da opinión pública alemana.
- Italia → *Irredentismo*: reivindica a expansión territorial cara ás “terras non rescatadas” de Austria-Hungría (Trentino, Istria, Dalmacia).
- Rusia → *Paneslavismo* en círculos intelectuais e políticos

b) Estados multi-étnicos

- Reivindicacións das minorías nacionais ⇒ Tensións internas
- Imperio Austrohúngaro → diferentes pobos, linguas, relixións: checos, eslovacos, alemáns, húngaros, polacos, etc.
- Imperio Otomano → turcos, árabes, armenios, kurdos.
- Imperio Ruso → fineses, estonios, letóns, lituanos, polacos, rusos, ucrainos...


Austria-Hungría: imperio multi-étnico



3. RIVALIDADES INTERNACIONAIS: CLIMA PREBÉLICO

- 2 bloques → **TRIPLE ALIANZA** (Alemaña, Austria-Hungría, Italia) 1882.
 - **TRIPLE ENTENTE** (Francia, Gran Bretaña, Rusia) 1907.
- 1904: Entente Cordiale (Francia, Gran Bretaña).
- Enfrontamentos:
 - 1905-06: Crise de Marrocos → Conferencia de Alxeciras
 - 1908: Austria-Hungría anexiona Bosnia-Herzegovina
 - 1911: Crise de Marrocos ⇒ Concesións francesas a Alemaña
 - 1911: Anexión de Libia a Italia ⇒ Debilidade do Imperio Turco
 - 1912: 1ª Guerra Balcánica → Rusia e Liga Balcánica contra Turquía
 - Turquía desaparece dos Balcáns e do Exeo
 - Aumento da influencia rusa na zona
 - 1913: 2ª Guerra Balcánica → Bulgaria contra Serbia, Grecia e Turquía
 - ↳ Fortalecemento de Serbia e Rusia fronte a Austria-Hungría
- Problemas en Europa:
 - Alsacia e Lorena
 - División de Polonia: Galitzia / Prusia polaca / Rusia polaca

Balcáns 1900-1914



4. OS BALCÁNS

- 1º XX → Intereses austríacos na zona
 - Rivalidade Serbia/Austria-Hungría
- Austria sen colonias e sen saída ao mar ⇒ Intereses económicos nos Balcáns
- Enemistade serbia → Corta o comercio de produtos austríacos cara o SL
 - Corta o ferrocarril construído polos austríacos ata Salónica
- Debilidade turca ⇒ **1908**: Austria-Hungría invade Bosnia-Herzegovina
- 1911: Italia ocupa Libia
 - ↳ 1912: Illas do Exeo.

-1912: 1ª GUERRA BALCÁNICA

⇒ Liga Balcánica (Serbia, Bulgaria, Grecia) + Rusia contra Turquía

- **1913: 2ª GUERRA BALCÁNICA** ⇒ Serbia e Grecia contra Bulgaria.

- Situación creada:

- Engrandecemento de Serbia
- Italia e Austria (da Triple Alianza) disputan polo Adriático e Albania
- Rusia teme a vitoria de Austria sobre Serbia

5. A OPINIÓN PÚBLICA

- Iniciativas antibelicistas → Conferencias da Paz



→ Sociedades da Paz

Propostas: - Non ao armamentismo e da política de prestixio.

- Compromiso das potencias para resolver os litixios

internacionais no Tribunal Permanente de Arbitraje da Haia.

- Impotencia dos partidos e sindicatos socialistas → Contradicións:

- Folga xeral e insurrección en caso de guerra


- Oposición do sindicalismo moderado

- Escisión do internacionalismo proletario

- Os gobernos buscan a identificación do pobo cos ideais patrióticos

↳ Creación dunha opinión pública unida, belicosa e disposta a grandes sacrificios.

- Intensificación do militarismo a expensas das liberdades e o poder executivo acumula a autoridade.



Cartel antialemán

Alemaña preparada para a guerra

Francia aínda non está preparada para o combate. Inglaterra está atormentada por dificultades interiores e coloniais. Rusia tenlle medo á guerra, porque teme unha revolución interior. ¿Temos que agardar a que os nosos adversarios estean preparados ou temos que aproveitar este momento favorable para provocar a decisión?

O exército austríaco é aínda fiel e útil; Italia está aínda firmemente comprometida coa Triple Alianza. Podemos, igualmente, contar, chegado o caso, con Turquía e Romanía. Temos así todas as de gañar, poderíamos dirixir os mandos da política europea, mediante unha ofensiva decidida e poderíamos asegurar o noso porvir.

Isto non significa que teñamos que provocar a guerra, mais se se produce un conflito de intereses no temos que recuar, senón que debemos vencello á guerra e comezala cunha ofensiva decidida.

Die Post, 24 febreiro 1914.

INICIO DA GUERRA

- **28-6-1914**: Asasinato do Arquiduque Francisco Fernando en Saraxevo
 - ⇒ Austria-H. culpa á sociedade *A Man Negra* dirixida por serbios
 - ↳ Pretexto de Austria-Hungría para eliminar a Serbia
- Ultimato de Austria a Serbia
 - ↳ Probabilidade de guerra con Rusia
- 28-7: Bombardeo de Belgrado ⇒ Declaración de guerra a Serbia
 - ↳ Alemaña declara a guerra a Rusia ⇒ Mobilización en Rusia
 - ↳ Advertencia de Francia e Gran Bretaña
 - ↳ Intimidación de Alemaña a Bélxica
 - ↳ Alemaña declara a guerra a Francia
 - ⇒ Proxecto de invasión de Francia ocupando Bélxica
 - ↳ Declaración de guerra de Gran Bretaña

Asasinato do arquiduque Francisco Fernando de Austria (28 Xuño 1914)



Ultimato de Austria-Hungría a Serbia, 23 xullo 1914

O goberno real de Serbia tense que comprometer a:

- 1º. Suprimir toda publicación que fomente o odio e o menosprezo á monarquía.
- 2º. Disolver de contado a sociedade chamada *Narodna Odvrana*.
- 5º. Aceptar a colaboración en Serbia dos órganos do goberno imperial para suprimir o movemento subversivo.
- 6º Abrir unha enquisa xudicial sobre os participantes no complot do 28 de xuño.
- 7º Arrestar aos comandantes Tankosytch e Giganovitch, comprometidos no atentado.
- 8º Impedir o tráfico ilegal de armas a través das súas fronteiras.

O goberno imperial e real agarda a resposta do goberno serbio antes do sábado 25 deste mes ás cinco da tarde.

Alianzas en caso de guerra

O que din as nacións:

Rusia di: se non se respecta a integridade territorial de Serbia, intervirei contra Austria.

Alemaña di: se Rusia pon un pé en Austria, prestarei apoio *manu militari* a esta.

Inglaterra e Francia din: prestaremos apoio a Rusia na súa acción se intervéñ Alemaña.

Romanía, Grecia e Montenegro din: interviremos e apoiaremos a Serbia se se atenta contra a súa independencia.

Bulgaria di: prestarei apoio a Austria se interveñen Romanía e Grecia.

Austria declarou que respectará a nacionalidade de Serbia, á que só quere castigar.

Italia prestará apoio ás súas aliadas Austria e Alemaña se estala o conflito europeo.

A Tribuna, 31 xullo 1914.



O pobo, a nación e a guerra

Hai que habituar ao pobo alemán a pensar que unha guerra ofensiva da nosa parte é unha necesidade para combater as provocacións do adversario. Hai que levar as cuestións de tal maneira que, baixo a impresión de armamentos poderosos, de sacrificios considerables e dunha situación política tensa, se considere como unha liberación o desencadeamento da guerra, e hai que preparar esta desde o punto de vista económico, pero sen espertar a desconfianza dos nosos financeiros.

VON MOLTKE, H., *Informe*, 13 marzo 1913

ARGUMENTOS DE GRAN BRETAÑA PARA DECLARAR A GUERRA



Se a independencia de Bélxica desaparecese, a independencia de Holanda desaparecería tamén. A Cámara debe considerar os intereses británicos. Se nos metemos nunha guerra, non imos sufrir moito máis que se nos mantemos á marxe. Tanto se participamos nela como se non, o comercio estranxeiro quedará interrompido. Se nos quedamos á marxe, eu non creo nin por un instante que esteamos en situación de facer uso da nosa forza material para evitar ou desfacer todo o que se produza durante a guerra, para impedir que a totalidade de Europa occidental caia baixo o dominio dunha soa potencia e, ademáis, estou persuadido de que a nosa situación moral sería peor.

GREY, E., ministro de AA.EE.
británico, *Discurso na Cámara dos
Comúns*, 3 agosto 1914.




EXTENSIÓN XEOGRÁFICA E DURACIÓN TEMPORAL

- **ENTENTE:** Rusia, Francia, Gran Bretaña, Serbia, Bélxica.
1914: Xapón / 1915: Italia / 1916: Rumanía / 1917: EE.UU.
- **IMPERIOS CENTRAIS:** Alemaña, Austria-Hungría
1914: Turquía / 1915: Bulgaria
- Entente → Máis poboación en zonas xeograficamente discontinuas
 - Débil oficialidade e armamento en Rusia
 - Francia soporta o peso das primeiras fases
 - Gran Bretaña carece de servizo militar obrigatorio
- Imperios Centrais → Preparación meticulosa para a guerra
 - Plan Schlieffen (1905) aplicado por Moltke
 - Inferioridade naval que rematou en bloqueo
- Particularidades:
 - Duración
 - Extensión xeográfica
 - Guerra económica
 - Mobilización psicolóxica

PROBLEMAS DE COORDINACIÓN NO MANDO ALIADO

Un dos maiores erros cometidos pola nosa coalición durante a última guerra, foi a falta de dirección nas operacións. A posición xeográfica dos nosos adversarios, agrupados nun único bloque, compensáboas en certo modo da falta de unidade no mando; eles tiñan a liberdade de concentrar os seus esforzos no punto e a hora que escollesen. O noso campo, pola contra, atopábase dividido en tres fraccións; o grupo occidental no que incluío as forzas italianas coas que nos comunicabamos libremente, o grupo dos exércitos aliados de Oriente, e os exércitos rusos (cos que a comunicación era moito máis difícil).

JOFFRE, J., *Memorias*, 1932.





Potencias centrais


Alemaña	Austria-Hungría	Turquía
Exército grande e ben adestrado	Exército potencialmente grande	Exército pouco equipado
Gran armada	Pobre equipamento militar	Armada reducida
Boa artillería	Alianza con Alemaña	Colaboración alemana
Industria eficiente	Longa historia como gran potencia	Atraso industrial
Moita poboación	Moita poboación	Moita poboación
Boas comunicacións	Malestar étnico	Perigo revoltas árabes
Posición xeográfica vulnerable	Inimigos numerosos	Situación xeográfica estratéxica
Goberno burocrático		

Aliados

Gran Bretaña	Francia	Rusia
Gran armada	Gran ejército e armada	Gran poboación
Gran imperio	Unidade nacional	Gran ejército
Riqueza	Gran imperio	Industria en crecemento
Posición insular	Economía en crecemento	Pouca planificación
Exército reducido	Falta de recursos	Agricultura atrasada
Imperio difícil de defender	Ocupación alemana do Norte de Francia	Poboación campesiña
		Grupos opostos

Italia	Xapón
Armada potencialmente grande	Mariña poderosa
Crecemento industrial	Exército motivado
Escaso entusiasmo pola guerra	Crecemento industrial
Falta de recursos	Falta de recursos
Agricultura atrasada	Ambicións pouco realistas

GUERRA DE MOVEMENTOS



GUERRA DE MOVEMENTOS (1914)

- Plan **Schlieffen** ⇒ Obxectivo: ataque a Francia a través de Bélxica
- **MOLTKE** empuxa a ingleses e a franceses ⇒ 2 Setembro: chegada alemana ás aforas de París.
- **JOFFRE** aproveita os puntos débiles do veloz avance alemán ⇒ Batalla do **MARNE**.
 - ↳ Substitución de MOLTKE por **FALKENHAYN**
- Alemaña avanza cara o mar para cortar a comunicación entre ingleses e franceses → Batallas de Flandes.
- Rusia coloca o seu exército na fronte oriental sen afundimento francés
 - ↳ Derrota rusa en Tannenberg e os Lagos Masurios (Fronte Prusiana: Hindenburg, Ludendorff).
 - ↳ Contribución ao éxito do Marne (obligou a Moltke a retirar tropas)
- Agosto: **Xapón** declara a guerra a Alemaña
- Novembro: **Turquía** aliada de Alemaña ⇒ Bombardeos turcos de Odessa e Sebastopol



Joffre



Moltke

Fronte Occidentale 1914

Falkenhayn



1ª Batalla do Marne

Tannenberg



Hindenburg



***Fronte
Orientale
1914***

Ludendorff



Lagos Masurios

Nadal 1914



We wish you all
a Happy Xmas and New Year
success, Victory, and
safe return.



Xmas, 1914.

from
Lady Rawlinson
and
The friends of the
4th Corps.

GUERRA DE POSICIÓN

Verdún
1916

TOWARDS DOUAUMONT FORT
VERSO IL FORTE DI DOUAUMONT



Au pied de la côte du Poivre. Le dernier train arrive à Bras sur Meuse. — At the foot of the côte du Poivre. Last train arriving at Bras sur Meuse. — Al piede della costa del Poivre. L'ultimo treno arriva a Bras sur Meuse. — Ao pé da encosta do Poivre. O último trem chega a Bras do Meuse. — Al pie de la cuesta del Poivre. El último tren llega a Bras del Meuse.

VERS LE FORT DE DOUAUMONT



Point d'où ont partie l'attaque française qui a repris Douaumont. — Point from which the French attack started to recapture Douaumont. — Punto donde a partita l'attacco francese che ha ripreso Douaumont. — Ponto de partida de ataque francês com que se reconquistou Douaumont. — Ponto de donde comenzó el ataque francés con que se ha reconquistado Douaumont.



Un abri sur la route de Verdun à Douaumont. — Degrout on the road from Verdun to Douaumont. — Un riparo sulla strada da Verdun a Douaumont. — Um abrigo no caminho de Verdun a Douaumont. — Abrigo en la carretera de Verdun a Douaumont.



Bifurcation des sentes de Douaumont. La Callette et Loevenmont. — Bifurcation of paths from Douaumont. La Callette and Loevenmont. — Biforcuzione delle piste di Douaumont. La Callette e Loevenmont. — Bifurcação das pistas de Douaumont. A Callette e Loevenmont. — Bifurcación de las pistas de Douaumont. La Callette y Loevenmont.



Un des sentes entre Verdun et Douaumont. — One of the roads between Verdun and Douaumont. — Uno dei sentes tra Verdun e Douaumont. — Um dos caminhos entre Verdun e Douaumont. — Estado del terreno entre Verdun y Douaumont.

GUERRA DE POSICIÓN (1915-1916)

- **1915:** Obxectivo : instalación dun campo defensivo continuo
 - ↳ Maior operatividade das armas defensivas que das ofensivas
- Incapacidade das novas armas para destrozar os sistemas de trincheiras
 - ↳ Cambio na forma de facer a guerra ⇒ GUERRA DE POSICIÓN
- Trincheiras na fronte francesa
 - Poucas tropas
 - Reforzo co sobrante da fronte oriental
- Fronte or. → Ofensiva alemá en Lituania, Galitzia e o Vístula ⇒ Repregue ruso
 - Os Imperios centrais non conseguen que Rusia asine a paz
- Maio: Entrada de **Italia** ⇒ Apertura dunha nova fronte
- Outono: Entrada de **Bulgaria** cos Imperios Centrais
- 1915 → Estabilización das fronte con saldo favorable aos Imperios Centrais
- **1916 : Rumanía** coa Entente
- Estratexia de desgaste ⇒ Intentos fracasados de romper as fronte:
 - **Verdún** → Falkenhayn elixe un punto para unha guerra de desgaste
 - Obxectivo alemán de dezmar ó exército francés
 - Resistencia francesa (Pétain).
 - **Somme** → Ofensiva francesa (Foch)
 - **Luck** → Presión rusa dirixida por Brusilov
 - Estabilización da fronte sen resultados decisivos

A vida nas trincheiras

Eses tres días pasados encollidos na terra, sen beber nin comer, os laios dos feridos, logo o ataque entre os *boches* (alemáns) e nós, despois, por fin para as queixas e os obuses que nos destrúen os nervios e nos amolan non nos dan ningunha tregua, e as terribles horas que se pasan coa máscara e as gafas no rostro, ios ollos choran e escúmese sangue!, despois os oficiais que se van para sempre, noticias fúnebres que se transmiten boca a boca no burato, e as ordes *boches* dadas en voz alta a 50 metros de nós, todos de pé; logo o traballo co pico baixo as balas e o horrible ta-ta-ta das metralladoras.

Carta dun soldado desde Verdún, marzo 1916.



Somme, 1916



Batalla de Xutlandia, 1916



Os gases

A morte envolveunos, empapou a roupa e os cobertores e matou todo aquilo que respiraba na nosa redonda. Os paxariños caeron nas trincheiras, e os gatos e mailos cans, compañeiros de fatigas, tendéronse no chan aos nosos pés e nunca máis espertaron. Tiñamos visto de todo: minas, obuses, bombas lacrimóxenas, a devastación dos bosques, os negros fragmentos das minas que caían por tódalas partes, as máis espantosas feridas e as avalanchas de ferro máis asasinas, mais nada se podía comparar con esta néboa que, durante horas longas coma séculos, ocultou aos nosos ollos o resplandor do sol, a luz do día, a branca pureza da neve.

Le filon, 20 marzo 1917.














O ANO DECISIVO (1917)

- Ruptura do equilibrio a favor da Entente ⇒ Intervención de **EE.UU.**
- Presión de EE.UU. para o respecto á liberdade dos mares.
- 1917: Berlín declara que o transporte neutral de mercadorías será acción bélica
 - ↳ EE.UU. rompe relacións con Alemaña → Razóns financeiras
 - ↳ 2 abril: EE.UU. declara a guerra a Alemaña
 - Aportación financeira, reservas demográficas e industriais
 - Arrastre de América Latina (materias primas, flotas mercantes)
- **Rusia:** Revolución de Outubro ⇒ Triunfo dos pacifistas.
- 1918: **PAZ DE BREST-LITOVSK** → Rusia recoñece a independencia de Finlandia, Ucraína, Estonia, Letonia, Lituania e a Polonia rusa (caen baixo dominio alemán).
 - ↳ A fronte oriental non desaparece → Exército de vixilancia alemana
- Esgotamento dos combatentes en ámbolos dous bandos
- Crecente resistencia interior ⇒ Cansazo polos sacrificios dunha guerra que xa non entenden



Barcos de todas as clases e calquera que fose a súa bandeira, o seu carácter e a súa carga, o seu destino ou a súa misión, foron enviados ao fondo do mar sen ningunha advertencia e sen un só pensamento de axuda para os seus pasaxeiros, fosen barcos de países belixerantes ou de países neutrais. A guerra submarina de Alemaña contra o comercio é unha guerra contra a humanidade. Afundíronse barcos americanos e tamén se perderon vidas americanas.

Con absoluta conciencia do carácter solemne da decisión que veño de tomar e das graves responsabilidades que esta decisión implica, mais obedecendo ao que considero o meu deber constitucional, aconsello que o Congreso declare que a recente conduta do goberno imperial alemán non é senón un cambio de dirección da guerra contra o goberno e o pobo dos EE.UU. Propoño que o Congreso acepte a posición de belixerante.

Mensaxe do presidente Wilson, 2 abril 1917.

APRIL 2, 1917



President Woodrow Wilson left the White House on the morning of April 2, 1917, and traveled to the Capitol to help vote on the bill. The Senate passed the bill 77-23, and the House passed it 275-133. Wilson's speech was so powerful that it won the support of the House. The bill was signed into law on April 6, 1917.

Wilson's speech was so powerful that it won the support of the House. The bill was signed into law on April 6, 1917. Wilson's speech was so powerful that it won the support of the House. The bill was signed into law on April 6, 1917.

Wilson's speech was so powerful that it won the support of the House. The bill was signed into law on April 6, 1917. Wilson's speech was so powerful that it won the support of the House. The bill was signed into law on April 6, 1917.



Tratado de Brest-Litovsk, 1918




- Art. 3:** Rusia renuncia a calquera reclamo sobre os territorios ao oeste da liña de influencia trazada previamente. O futuro status dos devanditos territorios será determinado por Alemaña e Austria-Hungría.
- Art. 4:** Alemaña continuará a ocupar territorios ao leste da liña de influencia trazada ata que Rusia non desmobilice as súas tropas. Batum, Kars e Ardahan serán cedidas ao Imperio Otomán.
- Art. 5:** Rusia debe limpar as súas augas de barcos de guerra das outras nacións aliadas. Rusia debe limpar as augas do Mar Báltico e do Mar Negro das súas minas, e indicar as rutas de navegación seguras.
- Art. 6:** Rusia debe desocupar Estonia e Letonia, que serán ocupadas por policía alemáns. Rusia debe devolver a todos os habitantes destas rexións que foran deportados ou arrestados. Rusia debe desocupar Finlandia e as illas Aland, incluíndo os seus portos. Se o xeo non permite que os barcos rusos deixen os portos, debe deixarse unha tripulación mínima nos mesmos.
- Art. 7:** Rusia debe recoñecer que Persia e Afganistán son Estados libres e independentes.
- Art. 8:** Os prisioneiros de guerra de ámbolos dous bandos deberán ser liberados e devoltos ás súas nacións de orixe.
- Art. 9:** Ámbolos dous bandos renuncian a reclamar indemnizacións de guerra.

RETORNO ÁS GRANDES OFENSIVAS (1918)

- Alemaña concentra tropas na fronte occ. ⇒ Ludendorff abre unha brecha sen resultado
- Mando único aliado: **FOCH**
 - **2ª Batalla do Marne**: os alemáns avanza cara a Reims, sen éxito
 - ↳ Imposibilidade de entrar en Francia porque o cerco pola ala convertería o avance nunha catástrofe
 - ⇒ Alemaña perde calquera posibilidade de vitoria.
- Chegada ao campo de batalla das unidades norteamericanas.
- Foch → Ofensiva baseada na superioridade de material.
 - ↳ Ataques simultáneos repetidos que amosan a debilidade alemana
 - ⇒ Hindenburg e Ludendorff declaran imposible a resistencia.
- Petición búlgara de armisticio ⇒ Desmoronamento da fronte sur.
- 9-11-1918: Guillerme II fuxe e proclámase a República en Berlín.
- **11-11-1918**: Alemaña asina o **ARMISTICIO**.

FOCH: 2ª Batalla do Marne



Berlin, 1918



AS FRONTES INTERIORES

O inverno do ano 1917 foi terrible. Desde o comezo viuse que sería moi frío, sobre todo co estómago baleiro. A miseria en Roubaix era inimaxinable. A vila semellaba a cidade dos mortos.

Os vellos morrían, a tuberculose azoutaba os nenos e os mozos. No cemiterio víanse, con estupor, innumerables tumbas de mozos novos.

Reinaba a fame, unha fame desesperada, resignada, sen carraxe, nin furor nin revolta. Non había nada para poder comer e se había algo era caro de máis para podelo mercar. Os alemáns tiñan algunhas cantinas con comida. Na porta, colas de xente miserenta agardaban a distribución das sobras.

VAN DER MEERSCH, M., *Invasión*.

Dereitos das mulleres



O movement feminista espállase vitoriosamente e aínda o fará máis unha vez rematada a guerra. Como as mulleres substitúen aos homes en moitos servizos urbanos, chegaron a adquirir pretensións moi xustificadas, segundo din elas. En Rusia, Finlandia, Hungría e Inglaterra estase a piques de conceder o dereito de sufraxio ás mulleres. Doutra banda, unha muller interveu nas negociacións de Brest-Litovsk, feito sen precedentes na historia. No Xapón obrígaselles ás nenas a asistiren á escola ata os catorce anos e creáronse escolas superiores de mozas en diversas poboacións.

ABC, 3 febreiro 1918.

OS 14 PUNTOS DE WILSON



- Todos os tratados de paz son públicos e non se poden concertar acordos internacionais secretos.
- Completa liberdade de navegación dos mares fóra das augas territoriais.
- Eliminación de todas as barreiras económicas.
- Garantías mutuas para reducir o armamento de cada país ao mínimo.
- Renuncia a todas as pretensións coloniais.
- Crear garantías internacionais para a independencia política e económica e a intanxibilidade territorial dos diversos Estados balcánicos.
- Debe construírse unha unión xeral das nacións.

8-1-1918: Proposta do presidente Wilson (EE.UU.) base para a organización da paz → OS **14 PUNTOS** centrados en:

- Petición de desarme e medidas para fomentar a transparencia diplomática e as relacións económicas libres entre Estados (diplomacia pública, liberdade de navegación nos mares, supresión de barreiras económicas e condicións económicas iguais para todas as nacións)
- Principio das nacionalidades → Mantemento da integridade territorial e a independencia política dos Estados, coa posible creación de novas unidades políticas
- Formación da Sociedade de Nacións para regular as relacións entre os Estados desde o dereito internacional.

TRATADOS DE PAZ

- 1919: CONFERENCIA DE PARÍS ⇒ Tratados: Versalles (Alemaña), St.Germain (Austria), Neuilly (Bulgaria), Trianon (Hungría), Sèvres (Turquía).
- Consello dos Catro (xefes de goberno): Clemenceau (Fr.), Lloyd George (Gr.Br.), Wilson (EE.UU.), Orlando (It.).
 - ✗ Wilson → Patrocinador da SDN.
 - Teoría dos territorios nacionais (cada etnia nun solar)
 - ✗ Lloyd George → Partidario de non afundir a Alemaña
 - ✗ Equipo francés → Trato severo ao vencido
- TEMAS → Fronteiras seguras ao Oeste (con Alemaña)
 - Polonia como Estado tapón forte no L de Alemaña
 - Remodelación do mapa europeo
 - Debate sobre a responsabilidade
 - Reparacións
 - Bases da nova diplomacia internacional
 - Desmilitarización
- 28-6-1919: Asíñase o **TRATADO DE VERSALLES**

Novo mapa europeo

- Desaparición de tres imperios: Ruso, Alemán, Austria-Hungría.
- Nacións novas → Polonia, Hungría, Checoslovaquia, Reino dos Serbios, Croatas e Eslovenos, Estados Bálticos.
 - ↳ Criterios de delimitación de fronteiras:
 - Demográficos
 - Tradicións históricas
 - Económicos
 - ↳ Problemas:
 - Falta de territorio → Teoría do espazo vital
 - Étnicos → Desprazamentos de poboación
- Alemaña
 - Ocupación da beira esquerda do Rhin (3 zonas)
 - Francia obtén o usufruto por 15 anos do Sarre
- Austria → Prohibición da unión con Alemaña
 - Perda de territorios italianos ⇒ perda de saída ao mar
 - Separación de Hungría ⇒ falta de abastecemento de cereais
- Francia → Restitución de Alsacia e Lorena
- Bélxica → Eupen e Malmedy a costa de Alemaña
- Polonia → Alemaña cede Prusia Oriental
 - Estatuto de cidades libres para Memel e Danzig
- Italia → Incorpora Trieste, parte de Istria, Dalmacia e o Alto Adige

TRATADO DE VERSALLES

Parte III. Cláusulas políticas europeas.

Art. 42. Prohíbese a Alemaña manter ou construír fortificacións, sexa sobre o lado esquerdo do Rin, sexa sobre o lado dereito.

Art. 45. En compensación pola destrución das minas de carbón do norte de Francia, Alemaña cede a Francia a propiedade enteira e absoluta das minas de carbón situadas no Sarre.

Art. 51. Os territorios cedidos a Alemaña en virtude da paz asinada en Versalles o 26 de febreiro de 1871 e o tratado de Frankfurt do 10 de maio de 1871, son reintegrados á soberanía francesa.

Art. 100. Alemaña renuncia, a favor das principais potencias aliadas e asociadas, a todos os dereitos e títulos sobre a cidade de Dantzig e o seu territorio.

THE NEW STATES OF CENTRAL EUROPE 1920

- New states established by 1920 with the encouragement of the Allied powers
- The remnant of Austria-Hungary, two independent and separate states established by the Allied powers
- Austro-Hungarian territory added to Rumania and Serbia by the Allied powers. The enlarged Serbia became the Serb-Croat-Slovene kingdom, later known as Yugoslavia
- Former Russian territory joined to Rumania

POPULATIONS IN 1920

Poland	27,000,000
Rumania	17,400,000
Czechoslovakia	14,600,000
Yugoslavia	12,000,000
Hungary	8,700,000
Austria	6,500,000
Finland	3,600,000
Lithuania	2,400,000
Latvia	1,800,000
Estonia	1,000,000
Danzig	400,000
Fiume	50,000




- Territory lost by Germany in 1919
- Territory retained after plebiscites
- Demilitarised zone



Germany after the Treaty of Versailles, January 1920.

THE FRAGMENTATION OF AUSTRIA-HUNGARY AFTER 1918



By 1914 Austria-Hungary had established a flourishing economic system. All the regions of the Empire were linked together by means of a comprehensive railway network. In 1919 the new States, by their frontier posts and customs barriers, lost this economic advantage, and were forced to rely upon their own individual, and therefore much limited resources. The river Danube, by 1914 a source of economic unity became, after 1919, a cause of bitter dissension.

Debate sobre a responsabilidade

- Atribución da responsabilidade do conflito a Alemaña e aos seus aliados
 - ↳ Base da legalidade das reparacións
 - Protestas da legación xermana.
 - Tema fundamental da política revanchista nazi
 - Debates → Teses alemanas: inocencia total
→ Historiadores franceses: responsabilidade dos Imperios Centrais con matices

Parte VIII. Reparacións.

Art. 231. Os gobernos aliados declaran e Alemaña reconece que Alemaña e os seus aliados son responsables, por seren os causantes, de todas as perdas e de todos os danos sufridos polos gobernos aliados e asociados e as súas nacións como consecuencia da guerra, que lles foi imposta pola agresión de Alemaña e dos seus aliados.


Art. 233. O importe total dos anteditos prexuízos, polos que Alemaña debe pagar unha indemnización, será fixado por unha comisión interaliada.



A cuestión das reparacións

- Art. 232-233 → Alemaña pagará os danos
- Medidas → Secuestro dos bens privados alemáns no estranxeiro
 - Libre navegación pola Canle de Kiel e internacionalización das vías fluviais alemanas
 - Cesión dos barcos mercantes superiores a 1600 Tm
 - Alemaña de aplicará ás potencias aliadas o estatuto comercial de nación máis favorecida
 - Renuncia de Alemaña á reparación dos seus danos
- Bens a indemnizar: destrucións materiais, pensións ás vítimas
- Sobrepassar a capacidade de pago de Alemaña fixo irreal calquera decisión
- Cláusulas penais → “**Crimes de guerra**” (Crime contra a humanidade)
- Cláusulas militares para Alemaña
 - Redución do exército a 100.000 soldados
 - Abolición do servizo militar obrigatorio
 - Desarme das seccións de artillería
 - 100.000 fusís (1 por soldado)
 - Prohíbese a artillería pesada, aviación e carros de asalto
 - Redución da flota a 36 navíos
 - Os asteleiros só poderán construír para reemprazar
- Consideración de inxustiza polo pobo alemán

Europa antes e depois da PGM



Consecuencias dos Tratados de paz

⊞ **Consecuencias negativas para a economía europea** pola situación en que se deixou a Alemaña (**Keynes**).

-Papel fundamental de Alemaña

→ Cliente e proveedor doutros países

→ Perda de territorios, recursos, flota

→ Necesidade da recuperación económica de Alemaña

- Novas fronteiras → Pouco sentido económico

→ Ruptura de antigas liñas de comunicación

→ Separación de sectores industriais dependentes

⊞ **Balkanización** → Estados débiles con graves tensións sociais e políticas

⊞ **Novos focos de tensión**

→ Disconformidade cos acordos (Alemaña, Italia, Hungría).

→ Problemas das minorías nacionais nos novos Estados.

↳ Mistura de grupos étnicos e lingüísticos diferentes

↳ Intransixencia dos novos Estados fronte ás minorías

PACTO DA SOCIEDADE DE NACIONES

- Art. 2. A acción da Sociedade, tal como queda definida no presente Pacto, será exercida por unha Asemblea e por un Consello, auxiliados por unha Secretaría permanente.
- Art. 10. Os membros da Sociedade comprométense a respectar e manter contra toda agresión exterior a integridade territorial e a independencia política presente de todos os membros da Sociedade.
- Art. 11.1. Declárase expresamente que toda guerra ou ameaza de guerra, afecte ou non directamente a algún dos membros da Sociedade, interesa á Sociedade enteira, e esta deberá tomar as medidas necesarias para garantir eficazmente a paz das nacións.
- Art. 16.1. Se un membro da Sociedade recorre á guerra os demais membros comprométense a romper inmediatamente toda relación comercial ou financeira con el, a prohibir toda relación co Estado que quebrantara o pacto.
- 16.4. Todo membro que se fixera culpable de violar algún dos compromisos da Sociedade poderá ser excluído dela.

- WILSON: Necesidade dunha organización internacional que garantise a paz
 - 14 Puntos (1918) proposta dunha “asociación xeral de nacións”
 - O Tratado de Versalles inclúe o Pacto da SDN
- **Estrutura da SDN:**
 - **Asemblea** → Máximo 3 representantes por Estado e un único voto
 - **Consello** → Grandes potencias (5 permanentes: Gran Bretaña, Francia, Italia, Xapón, China) + 4 países designados pola Asemblea
 - ⇒ Decisións por unanimidade, medida que paralizou decisións
 - **Secretaría Xeral** → Secretario Xeral e persoal (Xenebra)
 - **Tribunal Internacional de Xustiza** (1922) na Haia
 - **Oficina Internacional do Traballo** (OIT)
- Ámbitos de actuación:
 - desarme
 - garantías de seguridade colectiva
 - sistema de *mandatos*
 - cooperación internacional
- Falta de universalidade
 - Ausencia de EE.UU
 - Oposición ao ingreso de Alemaña ata 1926
 - Admisión da URSS en 1934
- Retiradas: Alemaña e Xapón (1933), Italia (1937)
- Expulsión da URSS en 1939 polo ataque a Finlandia
- Balance → Solución dalgúns problemas aplicando mecanismos arbitrais
 - Experiencia na búsqueda dunha nova orde mundial



CONSECUENCIAS DA GUERRA



CONSECUENCIAS DEMOGRÁFICAS

- Novos medios de destrución masiva ⇒ Mortos e inválidos
- Efectos sobre a poboación civil: racionamento, fame, traballos forzados, enfermidades, odios nacionalistas, exterminio de minorías étnicas
- Déficit de nacementos pola guerra

CONSECUENCIAS ECONÓMICAS

- a) Destrucción de bens materiais
- b) Desartellamento da estrutura produtiva
 - Transformación industrial ao servizo da produción bélica
 - Diminúe a capacidade produtiva do sector agrario
 - Redución dos intercambios comerciais
 - Control da economía polos Estados
- c) Endebedamento para facer fronte ao incremento dos gastos militares
- d) Remodelación do esquema centro/periferia conformado no S.XIX.
 - Aparición dun novo sistema económico: o socialismo
 - Perda de importancia de Europa fronte a EE.UU. e a Xapón
 - Corte da expansión económica dalgúns países da periferia
- e) Desartellamento dos sistemas monetarios → Abandono do patrón ouro
- f) Cambios nas relacións comerciais → Corte Europa Occidental/Rusia
- g) Exceso de capacidade produtiva nalgúns sectores

CONSECUENCIAS SOCIAIS

- Enriquecemento de fabricantes industriais e especuladores
- Empeoramento do nivel de vida das clases medias e baixas ⇒ ↓ poder adquisitivo
 - ↳ Acentuación das diferenzas sociais ⇒ Conflitividade: folgas e movementos revolucionarios
- Papel máis activo da muller → Substitución da man de obra masculina
 - Extensión do voto feminino
- Excombatentes → Inadaptados ás condicións de paz
 - Favorecen a propagación do autoritarismo
 - Considéranse a salvagarda da orde

CONSECUENCIAS POLÍTICAS

- Fragmentación dos vellos Imperios ⇒ Balcanización da Europa Central
- Vencedores ⇒ Sistemas representativos
- Substitución dos antigos Imperios cara a fórmulas democráticas ⇒ Repúblicas
 - ↳ Inestabilidade das novas democracias parlamentarias
 - ↳ Acceso de “homes fortes” ao goberno
- Revolución Bolxevique → Aparición dos PC integrados na III Internacional
 - ↳ Temor ao “perigo vermello” e ao contaxio revolucionario
 - ↳ Estímulo para organizacións obreiras
- Movementos autoritarios e antidemocráticos como reacción ao ascenso do socialismo e dos sindicatos.

Que tristes espectáculos ofrecíanse aos ollos do observador nas rúas e cafés das noutroira alegre cidade de Viena! Os mozos das estacións do ferrocarril vestían gastados uniformes de algodón e recibían con ledicia propinas de ovos duros e cigarros. Oficiais uniformados vendían rosas. Delicadas mulleres vestidas con vestidos noutro tempo elegantes pedían esmola nas esquinas acompañadas dos seus fillos. A herba medraba nas rúas principais. As tendas non tiñan clientes. Nas oficinas de colocación milleiros de homes e mulleres formaban longas colas en espera de recibir o subsidio do paro. Nais tísicas arrastrábanse polas habitacións chorando por falta de leite que non podían mercar co seu abundante papel moeda porque non había nada para vender. En clínicas e hospitais valorosos doutores loitaban con nenos entarangañados e cubertos de chagas supurantes, practicamente sen medicamentos, sen xabón, sen desinfectantes.

SNOWDEN, *Un político viaxeiro por Europa*, 1921.